

Carlos Llavata

Por que utilizas un proceso performativo como medio habitual de expresión?

—Non, a performance utilízame como medio de expresión a min e non sei se é habitual, real ou teatral. Dáme o mesmo!

Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—A mediocridade, repetir o que está feito, non avanzar e non ser claro.

Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.

—A arte é unha faceta da sociedade que é exclusivamente para ricos, funcionarios con dobre vida e que a xente común non entende nin se decata, nin polo tanto lle preocupa.